



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup>. Carmen  
Cidrás Pídre, José  
Fernández Pulpeiro, Ana  
Gago Rodríguez, Alberto  
Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
García Mateo, M<sup>a</sup> Del Carmen  
García Pino, Antonio  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>  
Montero Muñoz, María  
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

### DECANOS/DIRECTORES:

Alonso, Bacigalupe, Luís  
Araújo Nespereira, Pedro A.  
Arias Sánchez, Pedro  
Garrido Valcnzuela, Irene  
González Piñeiro, Luís  
Gutiérrez Nieto, Manuel  
Iglesias Antelo, Beatriz  
López Díaz, María  
Muñoz López, Luís  
Noia Campos, M<sup>a</sup> Camiño  
Pereira Domínguez, Alejandro  
Vidal Vázquez, Ricardo  
Vivas Martínez, Carlos

### PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
De Lorenzo Rodríguez, M<sup>a</sup> Edita  
González Vázquez, Encarnación  
Liz Marzán, Luis Manuel  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

### PDI-B:

### ESTUDANTES:

Fariñas Valiña, Iago  
Puga Alonso, Javier  
Riobó Fernández, Aída

### PAS:

### CONSELLO SOCIAL:

López Atrio, María Laura  
Pérez Mato, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Bernal Gómez, Rosa  
Martínez Insúa, Ana Elina  
Tourón Estevez, Sonia  
Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 16 de abril de dous mil dez, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O venres día 16 de abril de 2010, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do día 5 de marzo de 2010 e da extraordinaria do día 22 de marzo de 2010.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.
4. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2010-2011.
5. Aprobación, se procede, do encargo de docencia: Programación docente anual (PDA) para as titulacións de Grao, Diplomaturas, Licenciaturas, Enxeñarías e Enxeñarías Técnicas para o curso 2010-2011.
6. Aprobación, se procede, da delegación na COAP da aprobación do POD e do concurso de profesorado contratado para o curso 2010-2011.
7. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Diego González Salgado e D. Jacobo Troncoso Casares, contra o acordo adoptado pola Comisión Permanente da Facultade de Ciencias, relativo aos cambios no laboratorio 4 do Edificio de Físicas.
8. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Benito Rodríguez Bouzas, contra o acordo da Comisión Delegada de Asuntos de Trámite da Comisión de Estudos de Posgrao, relativo á non admisión no período de investigación do programa de doutoramento Ordenación Xurídica do Mercado.
9. Aprobación, se procede, dos calendarios escolares para o curso académico 2010-2011.
10. Aprobación, se procede, da modificación do apartado 1 do artigo 21 do Regulamento de estudos oficiais de posgrao.
11. Aprobación, se procede, do programa de doutoramento “Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases”.

12. Aprobación, se procede, da proposta de creación do centro único para impartir a docencia no ámbito da enxeñería industrial na Universidade de Vigo.
13. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: I Máster en Automatización e Informática Industrial, I Especialista en Automatización Industrial e I Especialista en Informática Industrial.
14. Aprobación, se procede, do cambio de denominación do “Comisionado do Centro Atlántico de Investigacións Mariñas (CAIM)” polo de “Comisionado para o Campus do Mar”.
15. Aprobación, se procede, da Convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para o curso 2010-2011.
16. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no Centro de Investigación “Economics for Energy.
17. Aprobación, se procede, da creación de cargo I+D: director do Centro de Investigación “Economics for Energy.
18. Adhesión, se procede, da Universidade de Vigo ao proxecto promovido pola Asociación PuntoGal e nomeamento do representante da Universidade ante a devandita sociedade.
19. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito entre programas de gastos.
20. Aprobación, se procede, das aportacións da Universidade de Vigo á Fundación CTAG.
21. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas á investigación.
22. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Bases para a cooperación na docencia do Grao en Medicina – Acordo de colaboración para o Programa de Mobilidade Eurorrexional entre a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo, Universidade da Coruña, Universidade do Minho, Universidade do Porto, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro e a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal – Acordo de colaboración para a organización do I Trofeo Interuniversitario de Remo da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal en embarcacións Dragón, entre a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo, Universidade da Coruña, Universidade de Porto, Universidade de Minho, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Instituto do Desporto de Portugal I.P., Concello de Tui, Câmara Municipal de Valença, a Federación Galega de Piragüismo, a Federação Portuguesa de Canoagem, a Associação de Canoagem do Minho, Caixa Galicia e a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Federal de São Paulo (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidad ICESI e a Universidade de Vigo – Convenio específico entre a Universidade de Vigo e a Universidad ICESI (Colombia) – Convenio de cooperación entre a Universidade de Vigo e a Universidade Gaston Dachary – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Tecnológica de Honduras de San Pedro Sula (Honduras), para el desarrollo de un Máster en Automatización e Informática Industria – Convenio específico de cotutela internacional de teses entre a Universidade Cheikh Anta Diop de Dakar (UCAD) e a Universidade de Vigo (UVIGO) – Convenio específico de cotutela internacional de tesis entre a Universidade Cheikh Anta Diop de Dakar (UCAD) e a Universidade de Vigo (UVIGO).
23. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Lectura e aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do día 5 de marzo de 2010 e da extraordinaria do día 22 de marzo de 2010.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do reitor.

No punto da sesión de hoxe correspondente ao “Informe do reitor” participan diversos membros do Equipo de Goberno. Comeza o reitor para dar algúns detalles do concurso “Campus de Excelencia Internacional; seguirá a secretaria xeral, que informará sobre modificacións diversas nas denominacións de centros da universidade; a continuación, o vicerreitor de Profesorado nos dará conta do acordo acadado no Convenio de PDI-Laboral e finalizará este punto coa intervención da xerente, que nos poñerá ao día sobre o Plan de Sistemas da Universidade de Vigo.

1º. Comeza co informe de novidades sobre o proxecto “Campus do Mar” e o concurso do “Campus de Excelencia Internacional”.

En primeiro lugar, proseguen con normalidade as iniciativas para integrar o maior agrupamento posible con todos os socios e apoios do proxecto. Non estamos lonxe de definir unha masa crítica de 1.000 doutores en “Ciencia e Tecnoloxía Mariñas” e aspiramos a aportar ao final do proceso unha cifra de 1.200 doutores ao redor de entre 10 e 12 liñas básicas de investigación.

Confirmados os apoios científicos fundamentais, neste momento estamos na fase de elaborar indicadores, liñas e proxectos parciais, por unha banda, e, por outra, tratamos de completar os apartados de apoio sectorial, financeiro e institucional.

Por último, o pasado 5 de abril fomos convocados a unha xuntanza explicativa no MEC, na que se concretou un calendario cos seguintes fitos:

- Finais do mes de maio (con data variable en función de cando sexa publicada no BOE a Orde Ministerial correspondente): data límite para a presentación da versión telemática e resumida do proxecto (200.000 caracteres).
- Durante o mes de xuño: primeiro filtro de calidade. Farase unha avaliación por xurado nacional para decidir unha primeira selección, ao tempo que se asignará financiamento aos que superen este filtro para elaborar o proxecto final.
- Durante os meses de xullo-agosto: tempo para elaborar a edición final dos proxectos seleccionados e as presentacións media para a súa defensa posterior.
- Segunda quincena de setembro: presentación dos proxectos diante dun xurado internacional e decisión final sobre as mencións de “Campus de Excelencia Internacional” e a asignación de financiamento.

2.º Se informa a continuación doutros asuntos. Ten a palabra a secretaria xeral, que lles dará conta de diversas propostas para cambiar nomes de centros.

A secretaria xeral informa que se ten iniciado o proceso de cambio de denominación da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación e da Escola Universitaria de Fisioterapia que solicitan pasar a denominarse, respectivamente, E de Enxeñaría de Telecomunicación e Facultade de Fisioterapia.

O procedemento a seguir é primeiro exposición pública durante un mes da proposta de cambio de denominación para que a comunidade universitaria faga as alegacións que estime oportunas. Este trámite se puxo xa en marcha e o día 12 de abril remata o prazo para a presentación de alegacións.

Os trámites seguintes son informe do CS, informe do Claustro, aprobación polo Consello de Goberno, aprobación da Xunta de Galicia, información á Conferencia Xeral de Política Universitaria.

3.º Intervén a continuación o vicerreitor de Profesorado para dar conta do acordo acadado no Convenio de PDI Laboral.

Informa o vicerreitor que o pasado mércores 14 de abril asinouse en Santiago o acordo sobre o articulado do II convenio colectivo do PDI laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. Queda unicamente pendente a revisión da táboa salarial, que supoñemos é unha cuestión técnica, e que terá lugar esta tarde en Santiago.

Péchase deste xeito un proceso de negociación de preto de dous anos.

O novo convenio amplía o ámbito do anterior ás figuras dos programas de investigación estatais, autonómicos e das universidades: Ramón y Cajal, Parga Pondal, Angeles Alvariño, FPI, FPU, María Barbeito e equivalentes.

O ámbito temporal é de tres anos 2009-2011.

Incorpora melloras nas condicións de traballo e nas retribucións de algunhas das figuras con especial énfase en Axudantes Doutores e Lectores.

Prevé a negociación de plans de estabilización dos investigadores contratados ao abeiro dos programas Ramón y Cajal e Parga Pondal.

No referente a vacacións permisos e licencias se acada un réxime común para as tres universidades, mellorando os permisos previstos no anterior convenio.

Regula cuestións non incluídas no primeiro convenio como os dereitos sindicais e as condicións de xubilación.

Unha vez asinado o texto do acordo, deberá pasar polos filtros legais e de normalización lingüística antes de procederse á súa sinatura definitiva polos reitores e máis os representantes sindicais e finalmente á súa publicación no DOG.

4º. Por último, intervén a xerente para informar do estado actual do “Plan de Sistemas” da UVigo que se recolle no **anexo I**.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.

Teñen solicitado intervención o Sr. Díez Ferrer, presidente do comité de empresa de PDI-Laboral da provincia de Pontevedra que intervén tamén en nome do Comité de PDI\_laboral da provincia de Ourense; o Prof. Caballero Míguez , investigador Parga Pondal e docente na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo; a Profª Garza Gil, e os Profs. Surís Regueiro e Varela Lafuente, en calidade de membros do grupo de investigación “Economía dos Recursos Naturais e Ambientais”.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen expón que por parte da COAP, reunida o pasado 7 de abril, dáse o informe favorable ás seguintes prazas:

1) Unha praza de Catedrático de Universidade na área de Bioquímica e Bioloxía Molecular. A Profesora Titular de Universidade Dna. María Páez de la Cadena Tortosa acadou a acreditación requirida e conta con tres sexenios polo que é aplicable o criterio B de promoción a cátedra.

2) Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Literatura Española. A Profesora Contratada Doutora Dna. Montserrat Ribao Pereira acadou a acreditación requirida.

3) Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Economía Aplicada. O investigador Parga Pondal D. Gonzalo Caballero Míguez, que foi seleccionado na convocatoria de 2007 do Programa Especial de Promoción, ten acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade e xa entrou no seu último ano de contrato. Os prazos para a resolución deste concurso deberán axustarse para que a toma de posesión sexa próxima á data do remate do seu contrato, tal como establece a convocatoria do Programa Especial de Promoción.

4) Unha praza de Catedrático de Universidade na área de Didáctica e Organización Escolar. Esta é unha praza nova acorde coas normas básicas de POD aprobadas no Consello de Goberno de 21/12/2009, xa que se cumpre o dobre criterio de dotación dunha praza consolidable no campus de Pontevedra dentro do Programa Especial de Consolidación de Cadros de Profesorado en Áreas Campus e por outra banda o criterio (A) de creación dunha Cátedra por ter unha porcentaxe de catedráticos de universidade inferior ao 25%.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Vidal pregunta en que campus van estar as prazas que se enumeran polo vicerreitor en canto a última dixo que era en Pontevedra.

O vicerreitor sinala que a última é unha praza que procede do Programa Especial de Consolidación de Cadros de Profesorado en Áreas Campus e, polo tanto, ten que estar vinculado a un campus concreto. As restantes prazas son de promoción e a COAP non entrou nesa cuestión. Pero sinala que si se discutiu sobre unha das prazas pero prefíre esperar á quenda de debate en canto houbo peticións de palabra para este tema. O que se fai sempre é primeiro aprobar a praza e despois se fan os restantes trámites e detalles das mesmas, como pode ser a proposta de tribunal.

A Prof<sup>a</sup> González pregunta se as prazas se crearán onde está o profesor impartido docencia en canto se trata de prazas de promoción.

O vicerreitor sinala que isto se fai cando chega o POD en canto é unha cuestión en relación á cal non hai normativa específica só cando se trata de plan de consolidación áreas campus, nos demais supostos é un tema de asignación de docencia, que é o que ten acontecido ata agora.

O Prof. Caballero fai a intervención que se recolle no **anexo II**.

O Prof. Varela fala en representación do grupo de acollida do Prof. Caballero e fai unha exposición que se aporta para que conste en acta como **anexo III**.

O Sr. Díaz Ferrer quen intervén como Presidente do Comité de Empresa de PDI-Laboral da provincia de Pontevedra e por delegación, tamén en representación do Comité de PDI-Laboral da provincia de Ourense.

Expón o mesmo que se presentou á COAP e ao Departamento, solicitando que a Universidade de Vigo a través dos seus órganos competentes manteña un desenvolvemento axeitado do programa especial de promoción do PDI a través da adscrición das prazas xurdidas a partir deste Programa ao campus onde estaba adscrito o PDI cuxo curriculum motivou a saída a concurso da devandita praza de promoción. Ademais, que a Universidade garanta que non exista discriminación en ningún caso particular, e que se lle aplique o mesmo criterio que se ven aplicando a todas as anteriores prazas xeradas a partir do Programa Especial de Promoción no que respecta ao campus da praza que motivou o dereito de promoción.

O vicerreitor dá unha resposta conxunta, e sinala que se pide igualdade de trato e isto mesmo foi o que dixo na COAP na discusión previa sobre este tema. Para acadar a igualdade de trato, o que se fixo foi buscar expedientes anteriores, pero un asunto igual non existe, porque non se ten producido unha petición por un departamento para asignación a un campus diferente do que estaba o investigador que promociona. Se discute a necesidade de asegurar as necesidades docentes do Departamento, e se existían antecedentes, que se comentaron aquí. O que é novo é que se formulen cuestións sobre a adscrición teórica da praza, isto non se debateu porque se fala sempre de POD. Sempre o que aconteceu foi que todo coincidía, tamén coa proposta do Departamento. Aquí hai unha cuestión singular en canto hai unha discrepancia. Ten dúbidas sobre que o Departamento non teña competencias para facer unha proposta sobre a praza. Reitera que este tema se discutiu dunha forma prematura porque aínda non se ten o POD. O vicerreitor lee o texto do acordo da COAP. Cumprir o dereito de promoción supón sacar a concurso a praza, e unha vez creada a praza se deberán cumprir coas necesidades docentes existentes.

Repítese que estamos ante unha discusión nova.

O reitor quere que se reflexione: non vai discordancia entre o que decidiu na COAP e a petición dos interesados. Engade que estamos ante un tema de Regulamento de Profesorado e ante un tema de debate de Claustro, pide que non se queira esgotar este debate aquí. Recordamos ademais que non temos Estatuto de PDI que nos impide ir a Claustro para aprobar un Regulamento de Profesorado, non temos lei da Ciencia, que tamén é decisiva para poder resolver isto. Reitera que o acordo da COAP e a petición dos interesados non é incompatible.

O Prof. Ramos sinala que non é un debate de POD. A COAP o que dixo foi que se fixera o de sempre. Este tema xa xurdiu na COAP fai tres anos ante o conflito de intereses entre o dereito do que gañou o concurso de méritos e o interese do departamento de optimizar os recursos. A cuestión é determinar que poñemos no centro de destino.

O Prof. Muñoz sinala que nunha COAP de xuño de 2008 presentou un escrito no que solicitaba abrir un debate de como adscribir ás prazas derivadas do plan de promoción. Entende que debe normativizarse isto, el defendía unha política de optimización de recursos humanos. Non entende como é posible que se contraten invitados nun área que gaña cada ano unha praza do plan de promoción. Apoia o exposto polo prof. Ramos.

A Prof<sup>a</sup> González Vázquez entende que o problema é que a praza vai saír noutro campus distinto daquel no que está a persoa que gañou o concurso. Pregunta polo motivo de que se expoña este problema.

A Sra. López Atrio intervén como funcionaria do corpo educativo e se sorprende de que o Consello de Departamento decida asignar a unha persoa do seu Departamento a outro campus. Non lle parece o momento de decidir que unha persoa teña que cambiar de campus. Está de acordo co prof. Ramos.

O reitor reitera o acordo da COAP.

O Prof. Varela aclara que una cousa é a adscripción do POD e outra a adscripción da praza. Esa a é a discusión sobre a competencia do Departamento. Reitera o respecto aos dereitos individuais. Se o acordo da COAP fose claro, non habería problemas.

O Sr. Díaz Ferrer entende que dende o punto de vista do Comité de Empresa se considera que estamos ante unha promoción e non ante unha praza derivada de necesidades docentes. A adscripción debe ser ao campus onde se creou a praza.

O Prof. Caballero agradece as verbas do vicerreitor. Pregúntase ata que punto o Departamento pode determinar a adscripción dunha praza a un campus. Reitera o tema de enxeñaría química. Agradece as verbas do reitor que coñece ben a situación do Departamento. Considera que se está xerando moita tensión e quere que conste en acta que na publicación no BOE desta praza debe pór: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

O vicerreitor de Profesorado sinala que a cuestión clave que se suscita é o tema da adscripción cando nunca ten sido así. A decisión da COAP ten sido sempre de POD e como unha

cuestión menor. Cando é unha promoción dun docente, é claro que estaba nese campus por necesidades docentes, pero cando é un investigador, é diferente. Lee de novo o acordo da COAP.

Debátese sobre o tema.

O vicerreitor de Profesorado sinala que debe vincularse o perfil e o campus de adscrición e que pase pola COAP.

O reitor propón que se sancione o acordo da COAP e que se leve a COAP o perfil, o tribunal e a adscrición.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2010-2011.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen sinala que na documentación adxunta constan as propostas dos centros de límites de prazas que foron revisadas na COAP do pasado 7 de abril.

En primeiro termo preséntanse os límites de prazas das titulacións de grao. No caso do Grao en Ciencias do Mar a proposta da COAP é manter o límite de 70 estudantes deste curso e non aceptar a redución a 50 proposta polo centro por non ter unha xustificación para esta redución.

En segundo termo preséntanse os límites de prazas en 2º ciclo das titulacións LRU a extinguir para aquelas titulacións nas que os centros contemplan esta posibilidade.

Coa salvedade descrita, estes límites contaron co informe favorable da COAP. O vicerreitor subliña que con posterioridade á COAP e á vista da documentación distribuída a Dirección da Escola Técnica Superior de Enxeñaría Industrial indicou que o límite do Grao en Enxeñaría Mecánica debería ser 180 e non 160. Entendendo que isto pode considerarse un erro ou malentendido, propón deixar tamén aprobada esta modificación, toda vez que a memoria do grao o permite.

Tamén se presentan propostas recibidas de limitacións de prazas por traslados de algúns centros en particular. Na documentación distribuída á entrada do Consello consta un resumo que incorpora dúas novidades respecto da documentación orixinal: unha modificación dos límites na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e a nova proposta da Escola de Enfermaría de POVISA.

Apróbase por asentimento.



**Punto 5.** Aprobación, se procede, do encargo de docencia: Programación docente anual (PDA) para as titulacións de Grao, Diplomaturas, Licenciaturas, Enxeñarías e Enxeñarías Técnicas para o curso 2010-2011.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen sinala que se trae o encargo docente do próximo curso, introducindo a denominación Planificación Docente Anual ou PDA, que é un termo habitual en moitas universidades. A plataforma Xescampus vai ser utilizada por primeira vez para albergar os datos desta PDA e tamén do POD coa vantaxe de ser a mesma ferramenta de xestión académica dos expedientes do alumnado, o que facilitará en xeral a organización académica da universidade.

Na documentación constan as PDA's de todas as titulacións do mesmo xeito que son xeradas polo programa e que contén a información usual de cada materia: código, nome, tipo, estudantes, horas e grupos. Para as titulacións de grao recolle tamén algúns indicadores como a presencialidade ou o tamaño medio de grupo.

Fai o vicerreitor algunhas consideracións xerais sobre o encargo:

O encargo total contén unhas 4300 materias que representan en torno a 239000 horas presenciais do profesorado nas aulas, seminarios, laboratorios ou talleres. O número de horas total é aproximadamente o mesmo que no curso presente cunha diferenza de só 100 horas.

En titulacións LRU a extinguir que denotamos por ciclos utilizáronse como referencia os módulos de grupos de aula, prácticas e laboratorio. Indicouse aos centros a conveniencia de proceder á unha redución progresiva da oferta de libre elección. Distribuída unha proposta inicial baseada en normativas os centros tiveron un prazo para propor as modificacións pertinentes, cousa que en xeral fixeron nos prazos indicados.

En titulacións de grao aplicouse o criterio establecido no acordo de Consello de Goberno de 19 de novembro de 2009 para a carga docente dos graos. O dito criterio baséase no Tamaño Medio de Grupo.

Estudáronse dúas propostas de implantación en bloque para os graos de ADE en Ourense e Economía en Vigo, que se suman ás xa iniciadas en Belas Artes, Fisioterapia e Dirección e Xestión Pública. Ambas propostas contaron cun informe de viabilidade ben planificado polos centros e supervisados pola vicerreitoría e pola COAP.

Catro centros fixeron a súa planificación no marco de contratos-programa piloto que lles permitiron unha flexibilidade engadida para reforzar o apoio (en forma de desgravación ao profesorado) a determinadas actividades transversais redistribuíndo as cargas docentes de xeito adecuado nos termos establecidos no programa. Os centros foron: Facultade de Ciencias de Ourense, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Facultade de Filoloxía e Tradución e Facultade de Químicas.

O encargo docente presentado conta co informe favorable da COAP.

O vicerreitor indica que algunhas cuestións quedaron pendentes. Polo que, como é tradicional solicita do Consello de Goberno delegación para resolver na COAP estas incidencias xurdidas en algunhas materias, tendo en conta que de atoparse calquera situación conflitiva traeríase a este Consello de Goberno co debido informe previo da COAP. Esta delegación tería continuidade ao longo do desenvolvemento do curso por causas sobrevidas, tipicamente ampliación de grupos por exceso de matrícula.

O vicerreitor pasou a citar a casuística:

- Dúas materias nas que existe algunha proposta de asignación diferente, que no tivo tempo de ser analizada (ADE Ourense e Graos da Escola de Enxeñaría de Minas).
- Tres materias máis no mesmo caso pero motivado aparentemente por simples erros. (Industriais e Educación e Deporte).
- Materias de libre elección que habitualmente se supeditan á existencia de folgura docente.
- Oferta de optativas na Facultade de Historia que non contemplou a habitual rotación.
- Unha serie de aparentes erros menores detectados polos departamentos unha vez que tiveron acceso ás PDA's.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Gutiérrez fai referencia á existencia dun pequeno erro.

O vicerreitor contesta que non quixo modificar nada na plataforma e a partir da aprobación de hoxe e da delegación na COAP, procederá á corrección de erros materiais.

O Prof. González Piñeiro pregunta polo sentido da denominación de grupos A, B, C que é distinta á que eles teñen neste momento.

O vicerreitor explica qué supón a existencia destes grupos e sinala que é o centro o que ten que planificar como estime oportuno porque hai bastante flexibilidade.

Intervén o vicerreitor de Planificación quen aclara que a pregunta se centra sobre a tipificación ou nomenclatura e non sobre a flexibilidade.

O vicerreitor entende que non hai problema.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, da delegación na COAP da aprobación do POD e do concurso de profesorado contratado para o curso 2010-2011.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen solicita a delegación, no mesmo sentido que todos os anos.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Diego González Salgado e D. Jacobo Troncoso Casares, contra o acordo adoptado pola Comisión Permanente da Facultade de Ciencias, relativo aos cambios no laboratorio 4 do Edificio de Físicas.

Teñen sido invitados os Profs. González Salgado e Troncoso Casares.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polos Prof. González Salgado e Troncoso Casares contra o acordo adoptado pola Comisión Permanente da Facultade de Ciencias, relativo aos cambios no laboratorio 4 do Edificio de Físicas.

En concreto, expoñen os recorrentes que o día 23 de xullo a Comisión Permanente da Facultade de Ciencias de Ourense decidiu realizar unha serie de cambios no Laboratorio 4 do Edificio de Físicas (cambios que se describen na documentación presentada). O motivo do recurso é a consideración de que a Comisión Permanente carece de competencias para a distribución de espazos, en canto de acordo co art. 79 dos Estatutos da Universidade esta competencia corresponde á Xunta de Centro.

O informe da Asesoría Xurídica non entra no fondo do asunto en canto o recurso está presentado fóra de prazo posto que o prazo para a interposición do recurso de alzada é de 1 mes que se contaría dende o 23 de xullo que se reuniu a Comisión e adoptou o acordo; fonte a isto, o recurso foi presentado o 12 de febreiro de 2010.

Polo tanto, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a inadmisión do recurso interposto fóra dos prazos preceptivos.

Ábrese unha quenda de intervencións

Os Profs. González Salgado e Troncoso Casares entenden que o fondo do asunto é que a actuación é ilegal.

Debátese sobre o tema.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.** Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Benito Rodríguez Bouzas, contra o acordo da Comisión Delegada de Asuntos de Trámite da Comisión de Estudos de Posgrao, relativo á non admisión no período de investigación do programa de doutoramento Ordenación Xurídica do Mercado.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado por D. Benito Rodríguez Bouza contra a súa inadmisión no período de investigación do Programa de Doutoramento Ordenación Xurídica do Mercado. O fundamento do seu recurso é que o recorrente cumpre os requisitos esixidos polo *RD 1393/2007, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales*, para acceder ao un período de investigación dun programa de doutoramento.

Fai seguidamente referencia aos feitos que deron lugar a este recurso:

Con data 6 de outubro solicita o recorrente a súa admisión no período de investigación e a designación de titor para a tutela de tese no Programa de Doutoramento Ordenación Xurídica do Mercado, alegando que está en posesión do título de licenciado en Dereito e do título de Máster Universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente, de 60 ECTS e que ten carácter profesionalizante. Esta petición foi rexeitada pola Comisión Académica do Máster o día 15 de outubro.

Con data 19 de outubro, o interesado presenta reclamación contra a desestimación da súa petición argumentando que segundo o art. 19.2 do RD 1393/2007, cumpre os requisitos de acceso ao período de investigación.

Ante este recurso, a Comisión Académica do Máster emite informe reiterando a súa inadmisión, informe que é ratificado pola Comisión Delegada de Asuntos de Trámite da Comisión de Estudos de Posgrao o día 9 de novembro.

Con data 10 de decembro de 2009, presenta o recorrente recurso de alzada contra a decisión da Comisión delegada de asuntos de trámite da Comisión de Estudos de Posgrao.

O informe da Asesoría Xurídica parte da consideración de que o art. 18 do RD 1393/2007, establece que *“para obtener el título de doctor o doctora es necesario haber superado un período de formación y un período de investigación organizado”*; por outra banda, o art. 20.1 determina que *“las universidades establecerán los procedimientos y criterios de admisión al correspondiente programa de doctorado en cualquiera de sus períodos. Entre los criterios podrá figurar la exigencia de formación previa específica en algunas disciplinas”*.

Neste sentido, tal como se recolle no informe da Comisión Académica do Máster universitario en Ordenación xurídica do mercado, o período formativo deste máster ten como obxectivo que os futuros doutores adquiren unhas competencias directamente relacionadas coas liñas de investigación que despois darán lugar á tese de doutoramento. De acordo co anterior, o feito de que o alumno teña superado un período formativo noutro máster non pode supor que deba ser automaticamente admitido no período de investigación dun.

Por esta razón a Comisión Académica do máster desestima o pedimento do alumno en canto non reconece en bloque como período formativo do seu máster os 60 créditos cursados no máster de Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente.

De acordo con todo o anterior, a Asesoría Xurídica entende que o recurso debe ser desestimado e esta é a proposta que se fai a este Consello de Goberno.

Pregunta o Sr. Fariñas se sería posible reconecer os créditos para poder matricularse nun máster investigador. Ao que contesta a secretaria xeral que a Comisión Académica do máster será a encargada de facer ese recoñecemento.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, dos calendarios escolares para o curso académico 2010-2011.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se presentan dúas propostas de calendario: unha para as titulacións de grao, posgrao e titulacións que se extinguen, e outra para o Centro de Universitario de la Defensa de la Escuela Naval Militar que ten unha organización docente propia, en canto ten docencia académica universitaria e militar e tamén instrución e adestramento o que obriga a que teña un calendario propio que se expón na documentación aportada aos membros de Consello de Goberno.

No que respecta á proposta de calendario para os restantes centros, se presenta un calendario único para todas as titulacións de grao e posgrao e as que se extinguen (fronte ao acontecido este curso académico que hai dous calendarios). A razón de que presentemos un calendario único se debe a que no curso que ven todos o centros estarán impartindo titulacións de grao.

Esta proposta única segue a liña xa iniciada os cursos anteriores de ir adiantando o inicio de curso (que será o 13 de setembro, o ano pasado foi o 21) e o curso académico remata o 30 de xullo e polo tanto as probas de avaliación se celebran en xullo. Este calendario está consensuado coas universidades de Santiago e Coruña.

Na proposta presentada, a convocatoria de fin de carreira será entre os días 29 de novembro e 4 de decembro, sen que se suspendan as clases. Se adianta fronte aos anos anteriores (14 a 19 de decembro).

Pero tendo en conta que estamos nun período de transición e que a maioría dos centros estarán impartindo o ano que ven titulacións de grao e a extinguir, é necesario establecer dúas previsións de carácter transitorio para as titulacións que se extinguen.

1. En canto á convocatoria de decembro, os centros poderán optar entre realizala:
  - Nas datas de exames do primeiro período.
  - Nas datas da convocatoria de fin de carreira: 29 de novembro a 4 de decembro e os centros decidirán se suspenden ou non as clases.

2. En canto a convocatoria extraordinaria de xullo, se poderá optar entre realizala:

- No mes de setembro do 1 ao 10. Esta opción só para os centros que xa neste curso académico xa optaron por manter setembro.

Esta proposta de calendario foi remitida con antelación a esta convocatoria de Consello de Goberno a todos os centros e a os representantes de alumnos no Consello de Goberno para que fíxeran alegacións.

Ábrese unha quenda de intervencións:

O Sr. Puga alega que non están de acordo co calendario presentado, sobre todo en canto á convocatoria de decembro que foi adiantada e agora se ten que celebrar entre os días 29 de novembro e 4 de decembro, fronte ao que aparecía na proposta inicial de calendario remitida aos representantes de alumnos.

O Sr. Fariñas fala no mesmo sentido.

A secretaria xeral explica que a proposta de calendario se remitiu a todas as direccións de centro e aos representantes de alumnos en Consello de Goberno e a proposta final de calendario é consecuencia das alegacións feitas polos centros, mentres que os alumnos non presentaron ningunha alegación. O feito de adiantar a convocatoria de decembro, ten sentido á vista de que na maioría dos centros os exames da convocatoria de setembro pasan a xullo.

Debátese sobre o tema con intervención dos Srs. Puga e Fariñas, os Profs. Alonso Bacigalupe, Arias e Araújo, e a secretaria xeral. Pola súa parte, a Profª De Lorenzo agradece á secretaria xeral os seus esforzos para chegar a un acordo consensuado sobre o calendario.

Procédese á votación do calendario proposto.

O Sr. Fariñas quere que conste o seu voto negativo porque é prexudicial para os alumnos.

O resultado da votación é o seguinte:

- Votos a favor do calendario: 21
- Votos en contra: 4
- Abstencións: 2

Apróbase o calendario por maioría.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, da modificación do apartado 1 do artigo 21 do Regulamento de estudos oficiais de posgrao.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Conxerxencia Europea quen expón a modificación do art. 21 do Regulamento de Estudos oficiais de posgrao no seguinte sentido:

O artigo 21 establece que as teses de doutoramento defendidas e mantidas na Universidade de Vigo, poderán ser obxecto de mención especial de Premio extraordinario de doutoramento.

Redacción orixinal:

*“1. Poderase entregar un premio extraordinario de doutoramento por curso académico e por cada cinco teses ou fracción en cada ámbito de coñecemento, lidas entre o 1 de outubro e o 30 de setembro.”*

Proposta de modificación:

1. Poderase entregar un premio extraordinario de doutoramento por curso académico e por cada cinco teses ou fracción en cada ámbito de coñecemento. As datas exactas que delimiten cada curso académico publicaranse na resolución da correspondente convocatoria de premios extraordinarios de doutoramento.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, do programa de doutoramento “Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases”.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón o contido concreto do programa de doutoramento “Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases” que se recolle no **anexo IV**.

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.** Aprobación, se procede, da proposta de creación do centro único para impartir a docencia no ámbito da enxeñaría industrial na Universidade de Vigo.

Cédese a palabra secretaria xeral quen sinala que se ten presentado unha proposta de creación de centro único para impartir a docencia no ámbito da enxeñaría industrial, por parte dos directores dos centros implicados e que foi aprobados polas respectivas xuntas de centros. Nesta proposta que se ten incorporado á documentación se recollen as liñas básicas do que sería a estrutura do novo centro así como o réxime transitorio para o tempo que tarde a tramitación da súa creación.

Pregunta a Prof<sup>a</sup> De Lorenzo se está vixente a normativa de elección de directores de centros en canto o acordo non a respecta.

Explican os Profs. Vivas e González Piñeiro a situación excepcional do centro.

A secretaria xeral sinala que a normativa de centros deberá ser adaptada aos novos Estatutos da Universidade.

Apróbase por asentimento.

**Punto 13** Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: I Máster en Automatización e Informática Industrial, I Especialista en Automatización Industrial e I Especialista en Informática Industrial.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen sinala que teñen informe favorable da COAP do pasado 7 de abril.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 14.** Aprobación, se procede, do cambio de denominación do “Comisionado do Centro Atlántico de Investigacións Mariñas (CAIM)” polo de “Comisionado para o Campus do Mar”.

Intervén o reitor para sinalar a necesidade de facer este cambio á vista da situación actual do campus do mar.

Apróbase por asentimento.

**Punto 15.** Aprobación, se procede, da Convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para o curso 2010-2011.

Cédese a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudiantes quen sinala que a convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo para o curso 2010-2011 é semellante á de cursos anteriores, polo que se explican as novidades:

- Posibles residentes: tendo en conta a progresiva adaptación das ensinanzas adaptadas ao EEES, son candidatas ou candidatos a praza ou bolsa estudantes de primeiro e segundo ciclo e de grao e máster oficial. Poden acceder a praza (non a bolsa) as persoas que, rematando estudos de terceiro ciclo ou máster no curso 2009-2010, inicien a súa tese de doutoramento.
- Prezos: a empresa concesionaria propón unha subida con respecto aos do curso presente que responde ao incremento do IPC interanual en 2009 e máis a subida do IVE anunciada polo goberno (epígrafe XI, na páxina 7 da convocatoria, ver **anexo V**). A petición da Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudiantes, non soben as tarifas de matrícula, isto é, a cantidade que é preciso pagar como reserva da praza. Estas cantidades quedan como no curso 2009-2010. Están especificadas nos documentos “Información xeral” que a empresa elabora para cada unha das residencias, O Castro e As Burgas, e que incorporamos á convocatoria para que quen solicite dispoña de toda a información.

Informada favorablemente pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes na sesión de 8 de abril.

Apróbase por asentimento.



**Punto 16.** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no Centro de Investigación “Economics for Energy”.

Intervén o reitor quen expón as razóns da participación da Universidade neste Centro de investigación, que ten por obxecto constituírse no referente na creación de coñecemento e opinión no ámbito da economía da enerxía.

Apróbase por asentimento.

**Punto 17.** Aprobación, se procede, da creación de cargo I+D: director do Centro de Investigación “Economics for Energy”.

Intervén o reitor para propoñer a creación de Cargo de Director do Centro de Investigación “Economics for Energy”, de xeito similar a como se crearon outros cargos I+D en Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

**Punto 18.** Adhesión, se procede, da Universidade de Vigo ao proxecto promovido pola Asociación PuntoGal e nomeamento do representante da Universidade ante a devandita sociedade.

Intervén o vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade, sinala que se trata de promover esta adhesión á asociación que ten como obxectivo a creación do dominio punto gal para a promoción da cultura e tradición galega. Se teñen adherido máis de 100 institucións e as outras dúas universidades galegas.

Se propón como representante á persoa que ocupe a Dirección da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 19.** Aprobación, se procede, de transferencias de crédito entre programas de gastos.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón as transferencias de crédito que se recollen no **anexo VI**.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 20.** Aprobación, se procede, das aportacións da Universidade de Vigo á Fundación CTAG.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen sinala dunha reclamación que ven facendo a fundación CTAG e, comprobados os antecedentes, se entende que procede o pago de 13.349 euros por cada anualidade segundo consta no **anexo VII**.

Apróbase por asentimento.

**Punto 21.** Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas á investigación.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea que sinala que a proposta é continuista e o máis salientable é a redución da contía total (descende un 16%) pero isto non afecta ás axudas a investigadores e bolsas de terceiro ciclo.

Alega tamén que esta convocatoria foi aprobada pola Comisión de Investigación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 22.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Bases para a cooperación na docencia do Grao en Medicina – Acordo de colaboración para o Programa de Mobilidade Eurorrexional entre a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo, Universidade da Coruña, Universidade do Minho, Universidade do Porto, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro e a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal – Acordo de colaboración para a organización do I Trofeo Interuniversitario de Remo da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal en embarcacións Dragón, entre a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo, Universidade da Coruña, Universidade de Porto, Universidade de Minho, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Instituto do Desporto de Portugal I.P., Concello de Tui, Câmara Municipal de Valença, a Federación Galega de Piragüismo, a Federação Portuguesa de Canoagem, a Associação de Canoagem do Minho, Caixa Galicia e a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Federal de São Paulo (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidad ICESI e a Universidade de Vigo – Convenio específico entre a Universidade de Vigo e a Universidad ICESI (Colombia) – Convenio de cooperación entre a Universidade de Vigo e a Universidade Gaston Dachary – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Tecnolóxica de Honduras de San Pedro Sula (Honduras), para el desarrollo de un Máster en Automatización e Informática Industria – Convenio específico de cotutela internacional de tesis entre a Universidade Cheikh Anta Diop de Dakar (UCAD) e a Universidade de Vigo (UVIGO) – Convenio específico de cotutela internacional de tesis entre a Universidade Cheikh Anta Diop de Dakar (UCAD) e a Universidade de Vigo (UVIGO).

Apróbase por asentimento.

**Punto 23.** Rogos e preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:30 horas do día 16 de abril de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor



Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral

Esther M<sup>a</sup>. González Pillado